

# EN SETEMBRO...


## Somos paleontólogos e paramos en... Inglaterra

Por último este ano como sabedes xa moitos de vós estamos inmersos no proxecto os dinosauros e isto tamén o traballaremos no comedor escolar. Cada mes dedicámoslo a algo que este relacionado de algunha maneira con este tema. Este mes faremos a parada en Inglaterra, onde se descubriu a primeira pista de que os dinosauros existiron. Foi un dente, en 1824, William Buckland, puxo o nome de *Megalosaurus* o dinosauro propietario daquel dente xigantesco. O [Megalosaurus](#) foi o primeiro dinosauro que tivo nome propio. Cando se atoparon os demais dentes, seguían perfectamente espetados na mandíbula do animal.



Isto é un breve guiño deste gran descubrimento, se o desexas, con alguén da túa familia, podes investigar sobre este dinosauro, facer un debuxo, buscar unha fotografía... e entregádeslo a Verónica ou a Cris que estarán

encantadas de expoñer dita información nalgún lugar do cole.



Para facerlle unha homenaxe a este descubrimento comeremos o 30 de

setembro un dos pratos típicos de Inglaterra: TOAD IN THE HOLE ou na nosa lingua SAPO NO BURATO e de sobremesa un doce dos seus... que será?, que será? Sorpresa!!!

**A vosa disposición desde o comedor escolar:**

**A directora: Cris Paris**

**A encargada de comedor: Verónica Guardado**

